

CONCELLO DE BOIRO

BASES DO CONCURSO DO ENTROIDO 2026

A Concellería de Cultura do Concello de Boiro, convoca unha nova edición do tradicional concurso de disfraces e carrozas que se realizará no marco das actividades de Entroido 2026 o martes 17 de febreiro, na Praza de Galicia e polas rúas de Boiro.

1. PARTICIPANTES:

Neste concurso poderán inscribirse todas as asociacións, comunidades, grupos culturais, festeiros, veciñais...ou persoas que o desexen.

- Os inscritos neste concurso están obrigados a formar parte no desfile que comezará ás 18:00h na Praza de Galicia. Estes terán que confirmar a súa chegada ante a organización antes das 17:30h. onde lle comunicarán as indicacións necesarias.
- Non se permite a participación de animais no desfile.
- Non se permite o consumo de alcohol, nin de tabaco nin cigarros electrónicos durante o desfile.
- En todo momento deberán cumprir as indicacións da organización.
- A normativa aplicable será a que se encontre vixentes, en materia sanitaria na data de realización do Entroido

2. LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN

O concurso terá lugar o martes, día 17 de febreiro ás 18:00 h na Praza de Galicia, percorrendo diferentes rúas ata rematar no mesmo lugar.

Se as condicións meteorolóxicas non permitisen a realización do desfile, a organización poderá suspendelo, trasladalo de localización ou aprazalo para outro día.

3. MODALIDADES:

- ✓ Individual/Parella
- ✓ Grupos
- ✓ Carrozas
- **Individual/Parella:** Poden participar a partir de 13 anos, farán constar o nome do disfrac e da persoa que se presenta.
- **Grupos:** Considérase grupo aquel que este formado polo menos tres participantes maiores de 13 anos cunha temática común.
Poderán inscribirse nesta categoría levando unha plataforma decorada, sempre e cando non sexa tirada por ningún tipo de vehículo a motor.
- **Carroza:** Considérase carroza a un aparello móbil conformado por unha plataforma ou varias debidamente adornadas e acorde coa temática do grupo, e estar remolcada por

algun tipo de vehículo a motor. A carroza estará formada como mínimo por catro persoas.

As plataformas que sexan tiradas por algún tipo de vehículo a motor, deberá estar inscrita nesta categoría e cumprir cos requisitos de esta.

Aqueles que participen cun vehículo, carroza, remolque ou outro de grandes dimensión comunicaránolo á organización cun mínimo de tres días de antelación.

As medidas dos vehículos (carrozas) poden ser as seguintes:

Longo: 11 metros máximo - Ancho: 2,5 metros máximo - Alto: 3,5 metros máximo

Así mesmo, os condutores dos vehículos ou carrozas deberán cumprir coa normativa vixente e dispor do seguro obrigatorio e o de responsabilidade civil, así como estar en posesión do permiso de condución correspondente.

As carrozas deberán estar dotadas de medidas de seguridade para garantir o benestar das persoas.

4. INSCRICIÓN:

As persoas interesadas poderán inscribirse de maneira gratuíta de diferentes maneiras:

- ✓ Via rexistro ou sede electrónica do Concello
- ✓ Presencial ou vía telefónica: no Centro Social de Escarabote ou no teléfono 981 84 99 50, de luns a venres de 10:00 a 13:00h
- ✓ Correo electrónico: enderezo de correo electrónico leopoldo.portela@boiro.gal
- ✓ O prazo de inscrición rematará o xoves 12 de febreiro ás 13:00 h.
- ✓ As persoas que non se inscribiron deste xeito poden facelo no mesmo día dende ás 16:30h ata ás 17:30 na Praza de Galicia.
- ✓ **O impreso de inscrición (ANEXO I) e declaración responsable (Anexo III) pódense descargar da web municipal: www.boiro.gal**

5. PREMIOS:

Os premios que excedan de 300 € aplicaráselle a correspondente retención fiscal segundo o regulamento do IRPF. Para poder optar aos premios os participantes deberán realizar o desfile.

Os gañadores do concurso en cada unha das categorías acadarán os seguintes premios:

INDIVIDUAIS	GRUPOS	CARROZAS
1.º 300 €	1.º 600 €	1.º 1200 €
2.º 200 €	2.º 300 €	2.º 800 €
3.º 150 €	3.º 250 €	3.º 500 €
4.º 100 €	4.º 200 €	

Esta cantidade atópase retida na aplicación 334/48000, mediante a operación 220260000235.

A relación dos premiados daranse a coñecer rematado o desfile.

Os participantes premiados deberán facilitar a seguinte documentación para que o Concello de Boiro poida efectuar o pagamento:

- **Persoas físicas:** certificado bancario da titularidade da conta da persoa que se inscribiu no concurso e fotocopia do DNI e modalidade de instancia debidamente cuberta. Inclúense neste epígrafe os representantes que se inscriban nas categorías grupos e carrozas que non constan coma persoas xurídicas, e dicir, no caso de resultar premiado, realizarase un pago único á persoa representante que se inscriba en nome do grupo.
- ✓ No caso de menores premiados que non teñan conta bancaria poden facilitar o do pai, nai ou titor/a.
- **Persoas xurídicas:** No caso de participar nesta modalidade deberán presentar una fotocopia do CIF, certificado bancario da titularidade da conta da asociación e modalidade de instancia debidamente cuberta.

(A instancia pódese descargar na web municipal: www.boiro.gal)

- ✓ Esta documentación terá que presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Boiro ata o día 6 de marzo. Non se admitirán solicitudes unha vez rematado o prazo. Unha vez rematado o prazo de entrega da documentación para reclamar o premio, o persoal técnico do Departamento de Cultura, realizará o informe pertinente, segundo a acta do xurado, para a súa aprobación na Xunta de Goberno Local e posterior pagamento por transferencia bancaria aos premiados (persoa física ou asociación).

6. LUGAR E HORA

Os disfrazados nas tres modalidades do concurso poden presentarse o día **17 de febreiro** ata ás 17:00h na Praza de Galicia ante a organización no lugar reservado. O desfile dará comezo ás 18:00 h, todos os participantes do concurso están obrigados a realizar o desfile, percorrendo diferentes rúas ata rematar no mesmo lugar. Al finalizar o recorrido e entrar na praza, desfilarán por una plataforma na cal disporán de dous minutos para realizar a súa coreografía (en caso de contar con ela).

Se as condicións meteorolóxicas non permitisen a realización do desfile, a organización poderá suspendelo trasladalo de ubicación ou pospoñelo.

7. XURADO E CRITERIOS

- ✓ O xurado estará composto por un traballador na área de cultura, un membro da corporación municipal, e dúas persoas representantes de asociacións do Concello Boiro, quedando estes facultados para resolver todos os aspectos que non estean contemplados nas presentes bases.
- ✓ Se vai ter un baile propio a realizar ao final do percorrido, este estará limitado a 2 min. en calquera das categorías. Deberá indicarse na inscrición a canción, e deberá ser enviada tras a inscrición e previo a realización do concurso, xa editada ao correo leopoldo.portela@boiro.gal, as inscricións realizadas no propio día entregarse nun USB co tempo axeitado a equipa encargada da sonorización, no momento de recollida

do dorsal, antes do comezo do desfile. (Recomendase que todos os participantes leven consigo nun USB a canción editada)

- ✓ O xurado deberá valorar:
 1. Estética, orixinalidade e creatividade dos disfraces.
 2. Posta en escena (acompañamento con coreografías, instrumentos...).
 3. Detalles da maquillaxe, vestiario, máscaras e demais complementos propios do Entroido.
 4. Elaboración propia/artesanal.
 5. Humor, valorarase que sexa divertida, que se presente a realidade en clave cómica.
 6. Valoraranse as carrozas e “vehículos” inscritos na categoría de carrozas mediante os criterios anteriores que sexan de aplicación.
- ✓ A organización aportará unha táboa para axudar a realizar a valoración nas diferentes categorías. Cada criterio valorarase de 0 a 5 puntos para obter unha puntuación final. Ao remate do desfile as/os compoñentes do xurado reuniranse para fallar un resultado e comunicalo publicamente. Os premios outorgaranse segundo as puntuacións totais obtidas, despois da suma das valoracións parciais de cada compoñente do xurado.
- ✓ Tras a deliberación, os membros do xurado levantarán acta, debidamente asinada, da relación de premiados.
- ✓ En caso de dúbida, a denominación de disfrace, grupo ou carroza será determinado polo xurado.
- ✓ O xurado resérvase a posibilidade de declarar algún premio deserto ou transferilo completo ou fragmentado a outras categorías.
- ✓ A decisión do xurado darase a coñecer o día 17 de febreiro do 2026 na Praza de Galicia e será inapelable.
- ✓ Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta segundo o criterio da organización, sen estar obrigada a comunicalo previamente.
- ✓ Toda interpretación sobre as presentes bases correspóndelle unicamente ao xurado.

8. PAGO DOS PREMIOS

No primeiro día hábil seguinte á proclamación dos premiados, a acta do xurado será remitida ao departamento de Intervención, a fin de que no prazo de 15 días hábiles seguintes ao fin de prazo da presentación da documentación (6 de marzo), se tramite o pago dos premios, en tanto a documentación estea completa.

9. DEREITOS DE IMAXE

O Concello de Boiro resérvase a potestade de fotografar e/ou gravar aos participantes, así como a utilización das imaxes para promoción e difusión do evento.

10. PUBLICIDADE DAS BASES

As presentes bases serán publicadas no taboleiro do Concello de Boiro e nas diferentes instalacións culturais coas que conta o noso concello, dándolle maior difusión a través doutros medios de comunicación.

Igualmente, incluírase un extracto das bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

11. DESCALIFICACIÓN DO CONCURSO

As persoas que non cumpran cos criterios establecidos pola organización poderán ser eliminados.

12. RESPONSABILIDADE

O Concello de Boiro non se fai responsable dos danos morais ou materiais que, a si mesmos ou a terceiros, ocasionen os/as participantes deste desfile e concurso de Entroido 2026.

13. INFORMACIÓN RELATIVA AO TRATAMENTO DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

O presente artigo ten como obxectivo dar cumprimento ao establecido na normativa de protección de datos en canto á información que debe facilitarse ás persoas interesadas.

En virtude diso infórmase:

- a) Ten a condición de responsable do tratamento o Concello de Boiro.
- b) A finalidade para o tratamento de datos persoais é o Concurso de Entroido 2026, tendo como bases de lexitimación xeral as seguintes:
 - b.1) Estarán lexitimados polo interese público os tratamentos de datos realizados para a xestión do concurso.
 - b.2) Base de consentimento do interesado para participar no Concurso de Entroido.
 - b.3) Base de interese lexítimo a Publicación imaxes dos participantes nos medios de comunicación dependentes do Concello de Boiro nos termos que marca a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Así mesmo, poderase facilitar os datos imprescindibles dos participantes aos membros do xurado para poder elixir o gañador ou gañadores das distintas categorías.

A persoa interesada pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, a limitación do seu tratamento, oposición, portabilidade e non ser sometido a unha decisión baseada exclusivamente no tratamento dos datos persoais a mediante escrito dirixido a Concello de Boiro con sede na Praza de Galicia, s/n, 15930 - Boiro.

A persoa interesada ten dereito a contactar ou reclamar diante do Delegado de Protección de Datos cuxos datos de contacto son: Ramón Santos Pérez (ramon@nossoluciones.es)

Así mesmo, no caso de que entenda vulnerado o seu dereito á protección de datos, a persoa interesada ten dereito a reclamar diante da Axencia Española de Protección de Datos a través da sede electrónica accesible na páxina web <https://www.aepd.es/>

14. ACEPTACIÓN DOS PARTICIPANTES

A participación neste desfile/concurso implica a aceptación das presentes bases.

En Boiro, a de xaneiro do 2026

Anexo I

ENTROIDO BOIRO 2026

FOLLA DE INSCRICIÓN

Nº.....

INSCRICIÓN: PERSOAS FÍSICAS			
NOME E APELIDOS		N.I.F.	
TÍTULO DO DISFRACE		CATEGORÍA	
BAILE FINAL (CANCIÓN)		TEMPO (MAX 2 MIN)	
Nº DE INTEGRANTES:			
DOMICILIO			
C.P / CONCELLO		TELÉFONO	
EMAIL:		MÓBIL	

INSCRICIÓN PERSOAS XURÍDICAS (Asociacións, Entidades, etc.)			
NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE LEGAL		N.I.F.	
ASOCIACIÓN/ENTIDADE, ETC.		C.I.F	
TÍTULO DO DISFRACE		CATEGORÍA	
BAILE FINAL (CANCIÓN)		TEMPO (MAX 2 MIN)	
DOMICILIO FISCAL DA ASOCIACIÓN/ENTIDADE, ETC.			
Nº DE INTEGRANTES:			
C.P / CONCELLO		TELÉFONO	
EMAIL:		MÓBIL/MS	

INDICAR SE LEVAN EQUIPO DE MÚSICA NO DESFILE SI ☐ NON ☐INDICAR SE LEVA CANCIÓN E COREOGRAFÍA FINAL (2MIN) SI ☐ NON ☐**Información relativa ao tratamento de datos persoais**

En cumprimento da normativa sobre protección de datos infórmase:

a) Responsable do tratamento: Concello de Boiro.

b) Finalidades: Participación concurso de entroido 2026.

c) Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, a limitación do seu tratamento, oposición, portabilidade e non ser sometido a unha decisión baseada exclusivamente no tratamento dos datos persoais mediante escrito dirixido a Concello de Boiro con sede na Plaza de Galicia, s/n, 15930 Boiro, A Coruña.

Máis información nas bases da convocatoria: (www.boiro.gal)

DOCUMENTACIÓN QUE ADXUNTA:

OBRIGATORIA; esta documentación debe ser entregada no momento da inscrición:

- ☐ **Declaración responsable** (Anexo III) de non estar afectada por ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas e estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Boiro, coa Seguridade Social e coa Facenda do estado.

B) OPCIONAL; esta documentación non é obrigatoria que se entregue no momento da inscrición. Aínda que si será obrigatoria para reclamar o premio en caso de ser outorgado polo xurado.

- ☐ **DNI** do participante/ou representante que cobrará o premio si lle é outorgado (pago único)

- ☐ **CIF** da entidade, asociación participante que cobrará o premio si lle é outorgado (pago único), así coma o DNI do/a representante legal

Certificación bancaria

- ☐ da titularidade da conta do participante e entidade, asociación que cobrará o premio si lle é outorgado (pago único)

Información relativa ao tratamento de datos persoais

En cumprimento da normativa sobre protección de datos infórmasele:

a) Responsable do tratamento: Concello de Boiro.

b) Finalidades: Participación concurso de entroido 2026.

c) Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, a limitación do seu tratamento, oposición, portabilidade e non ser sometido a unha decisión baseada exclusivamente no tratamento dos datos persoais mediante escrito dirixido a Concello de Boiro con sede na Plaza de Galicia, s/n, 15930 Boiro, A Coruña.

Máis información nas bases da convocatoria: (www.boiro.gal)

Anexo II**SOLICITUDE COBRO PREMIO****DATOS DO SOLICITANTE:**

NOME E APELIDOS		N.I.F..	
ASOCIACIÓN/ENTIDADE, ETC. <i>(Cubrir só en caso de participar como Asoc., Ent., etc.)</i>		C.I.F	
DOMICILIO		PARROQUIA	
C.P / CONCELLO		TELFONO	
EMAIL:		MOBIL/SMS	

DEPARTAMENTO A QUEN SE DIRIXE	CULTURA (CSE) – CONCELLO DE BOIRO
-------------------------------	--

EXPOÑO

Que o de do 2026 participei/participamos no concurso/desfile do Concello de Boiro acadando o premio na categoría por importe de

Polo que SOLICITO

Que se me abone o importe do correspondente premio na conta bancaria

ES.... / / / / / /

Titularidade de *(persoa física ou entidade)*

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (obligatoria)**Persoas físicas:**

Certificado bancario da titularidade da conta ☐

Fotocopia do NIF ☐

Persoas xurídicas:

Fotocopia do CIF da entidade ☐

Certificado bancario da titularidade da conta ☐

(Marcar cunha X o que corresponda)

Asdo. O SOLICITANTE/ REPRESENTANTE

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIRO

Información relativa ao tratamento de datos persoais

En cumprimento da normativa sobre protección de datos infórmasele:

a) Responsable do tratamento: Concello de Boiro.

b) Finalidades: Participación concurso de entroido 2026.

c) Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, a limitación do seu tratamento, oposición, portabilidade e non ser sometido a unha decisión baseada exclusivamente no tratamento dos datos persoais mediante escrito dirixido a Concello de Boiro con sede na Plaza de Galicia, s/n, 15930 Boiro, A Coruña.

Máis información nas bases da convocatoria: (www.boiro.gal)

Anexo III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN CAUSA DE INCOMPATIBILIDADE OU INCAPACIDADE E DE ACEPTACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA

(Esta declaración deberá realizala a persoa nomeada como representante)

☐

Persoa Física:

D/Dna. _____, con DNI _____ en
representación propia ou en representación de D/Dna
_____, con DNI _____

☐

Personalidade Xurídica:

D/Dna. _____, con DNI _____ en
calidade de _____ como representante da entidade
_____ con CIF _____

Manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento de un dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu recoñecemento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ao exercicio.

Declara baixo a súa responsabilidade:

- a) Que ostenta a capacidade de representación da entidade de referencia.
- b) Que non está afectada por ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas e estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Boiro, coa Seguridade Social e coa Facenda do Estado.
- c) Que coñece e acepta as bases da convocatoria
- d) Autorizo ao Concello de Boiro a consultar que estou ao corrente coas obrigas tributarias coa AEAT e Seguridade Social

Sinatura:

_____, o _____ de _____ de 202__

Información relativa ao tratamento de datos persoais

En cumprimento da normativa sobre protección de datos infórmase:

a) Responsable do tratamento: Concello de Boiro.

b) Finalidades: Participación concurso de entroido 2026.

c) Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, a limitación do seu tratamento, oposición, portabilidade e non ser sometido a unha decisión baseada exclusivamente no tratamento dos datos persoais mediante escrito dirixido a Concello de Boiro con sede na Plaza de Galicia, s/n, 15930 Boiro, A Coruña.

Máis información nas bases da convocatoria: (www.boiro.gal)